

O prezo, a nosa loita fundamental



Manifestación en Ordes o pasado 8 de maio, na xeira de mobilizacións descentralizadas secundadas masivamente en catorce cabeceiras de comarca.

Tras a multitudinaria manifestación celebrada en Madrid o pasado daza-seis de abril, o oito de maio o sector leiteiro vultou a mobilizarse, desta vez mediante accións comarcais no País, e

contando coa implicación e o apoio da maioría de negocios das nosas vilas e da sociedade galega en xeral. Non pararemos até convencer aos gobernos de que o noso traballo é necesario e beneficioso para

toda a sociedade. Se as Administracións non presentan solucións que estabilicen a situación e nos permitan vivir do noso traballo, o 26 de maio haberá tractorada.



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez

Colaboracións:

Sandra
Varela, Carne Freire, Lidia
Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Diego Sánchez
Agra e Charo Sánchez Parga.

Deseño e maquetación:

Xosé García e Vera Montoto

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



sindicato
labrego galego
comisións labregas

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
R/ Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescuela Quintáns
CARBALLO - Río Sil nº 52. Baixo. 981
703169
SANTA COMBA - R/ Carmen
Santiso, nº22, baixo. Tif. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º. Tif. 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq/ Tifno. 981 789 781
SAN SADURNINO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
AS PONTES - R/ Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Tif. 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Tif. 630 970 131
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tif. 988 477230 Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.
Tifno. 629 621 047
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tif.
982 403005
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrecán B. Tif. 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTH/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.
982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrecán E. Tif/Fax: 986792268.
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
LALIN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tif.
986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal
1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.
Rosales, Tif. 986 625 394
O SALLNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825

2 / SUMARIO

nº 271
Maio de 2009 **FOUCE**

Editorial, pax. 3

■ A alimentación é un dereito das persoas. A soberanía alimentar é un dereito dos pobos. Análise da política agraria europea ao respecto do dereito dos pobos a producir alimentación para a súa propia xente en troques de para o mercado internacional.



Galiza, paxs. 6, 7 e 8

■ Importante presenza do sector leiteiro da Galiza na manifestación de Madrid con mais de 10.000 gandeiros e gandeiras.

■ Encontro da Mocidade do Sindicato Labrego Galego.

■ Mariam Sissoko, percorre Galiza para falar do cambio climático.

Sectores Gandeiros, paxs. 9, 10 e 11

■ A rapa das ovelas na Galiza, conversa con Atilano Borrás.

■ Virus AH1N1, a consecuencia dunha produción gandeira irracional.

■ Información que debe acompañar aos animais destinados ao sacrificio.

■ Resultados positivos falsos en probas de tuberculose no gando.



Sectores Vexetais, paxs. 12, 13 e 14

■ O Cambio Climático un problema para o Sector do Viño.

■ Valoración da campaña 2008/09 no Sector da Patata.

■ Montes ralentiza a retirada da madeira derrubada polo temporal.

■ A IXP Faba de Lourenzá é un atranco para o sector produtor.

■ 25 novas variedades de millo transxénico introducidas no Estado.

Mulleres, pax. 15

■ As mulleres protagonistas no Día da Loita Labrega con máis de cen accións en todo o mundo o pasado 17 de abril.

■ Acto de recoñecemento e apoio das mulleres nacionalistas galegas a Lidia Senra organizado pola revista de pensamento feminista ANDAINA en Santiago de Compostela.




Aldea Global, pax. 16

■ 17 de abril Día Internacional da Loita Labrega. As organizacións de labregas/os, traballadores/as sen terra, de mulleres rurais e da mocidade rural mobilízanse en todo o mundo. Tamén na Galiza organizouse unha mobilización na Praza Roxa de Santiago, polo SLG, a Rede Anticapitalista e a Plataforma Galega Antitransxénicos.

Agroecoloxía, pax. 17

■ O CRAEGA aproba o seu Regulamento Interno co voto na contra do SLG, nun proceso de alegacións que adoeceu da falta de debate das outras organizacións. Só o Sindicato Labrego Galego fixo alegacións, xa que entendemos que non se protexe ao sector produtor, e ademais dáselle entrada ás comercializadoras e péchaselle aos consumidores/as.



Eira, paxs. 18 e 19

■ Axudas para retirar a madeira derrubada por mor do temporal, axudas á adquisición de gasóleo, pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos, etc.

■ Anuncios das nosa explotacións de compra, venda e troco.

Contracapa, pax. 20

■ Nesta páxina explicase con brevidade o que é para o Sindicato labrego Galego a Soberanía Alimentar.

Esta publicación está cofinanciada pola



DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

O SECUESTRO DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS

“A ALIMENTACIÓN é un dereito das persoas. A SOBERANÍA ALIMENTAR é un dereito dos pobos.”



A política agraria europea, a do leite, a dos transxénicos, a do neoliberalismo máis salvaxe, a do supostamente Primeiro Mundo, é o camiño feito a base de normativas para a negación máis absoluta de calquera destes dereitos, individuais e colectivos.

■ É a que protexe e salva de crises, mesmo con leis!!!, ás multinacionais da produción, da distribución, da automoción, da tecnoloxía, da información, da investigación, do capital, da enerxía.... para engrosar os seus beneficios.

■ É a que privatiza, con acordos mundiais!!!, na OMC (Organización Mundial do Comercio) o máis elemental para a vida: as sementes, a auga, a terra e tamén o ar... para engrosar os mesmos beneficios.

■ É a que, dende a entrada na CEE no 1986, **segue pechando explotacións nesta Europa, na que cada minuto desaparecen tres**, condenando á fame ou á expulsión ás familias labregas, e creando os problemas de desestruturación social e económica de territorios enteiros... en aras dos beneficios dese señor chamado Mercado, curiosamente!!!, no que campean as mesmas multinacionais.

■ É a mesma que nos nega o dereito a producir alimentos para a nosa xente e a percibir un prezo digno polos nosos produtos, polo froito do noso traballo, coa desculpa de que ese tal “Señor Mercado”: AL-CAMPO, CARREFOUR, LIDL, DÍA, etc., etc. xa nolo paga, sempre coa condición de que llelo teñen que enviar a través das súas plataformas loxísticas á xente que come!!!, lonxe,

lonxe!!! ou que o teñen que traer a traves das mesmas plataformas da xente que o produce !!! lonxe, lonxe!!!

■ É a mesma tamén que lle nega á cidadanía o dereito a saber e a escoller o que come; a poder comer, a diario, alimentos sans e sen transxénicos, dos que fai a veciñanza.

■ Para iso non farían falta nin sementes modificadas xenéticamente, nin agrocombustíbeis para o transporte, nin grandes débedas cos bancos, nin plataformas loxísticas, nin moitas leis, nin sequera faría falta toda esa política agraria europea nin tanto político/a e funcionario/a salvapatrias.

■ É a mesma que **pode fundir un povo como o galego, axudando a fundir un sector como o lácteo**. É a mesma que pode comprometer a saúde da humanidade, o xenocidio lento pero seguro, xa demostrado, dos OXM's.

Máis entón, qué sería de todas esas multinacionais? e de todas as mentes pensantes que a diario lexislan, habilitan supostas axudas, derogan e crean normas, etc., etc. para manter e posibilitar os grandes beneficios de tales benefactores? Cánto máis sinxelo sería todo? Cánto menos secuestrados os nosos dereitos?

A loita continúa.

En memoria de Mariano Lema

En memoria de Mariano

¿Cómo escribir?, ¿que dicir? dun compañeiro que nos deixou o pasado día 11 de abril. Quero deixarme levar e plasmar uns cantos recordos, sen mirar os Fouces, nin fotos que hai no local do SLG, sen ningún rigor histórico, só uns sentimentos en memoria dun sindicalista.

Coñecín a Mariano Lema Pérez hai 25 anos, como pasa o tempo... Eu estaba en Lugo nas Comisións Labregas daquela época. O Sindicato quedara reducido a Lugo, unha pequena presenza en Ourense, e pequenos grupos noutros lugares do País.

Decidírase que había que intentar ter presenza na Coruña, polo que trasládase Xosé Ramon Cendan a Santiago e, ao pouco tempo, decídese que pase á cidade da Coruña para atender dende alí a metade norte da Provincia.

En Santiago provisionalmente queda Xosé Manuel Fernández Varela como colaborador, que tamén ao pouco tempo decide instalarse en Lugo e colaborar como asesor xurídico no SLG.

En Santiago deixa a un estudante de Dereito, Mariano Lema.

Mariano non podía ser simplemente un colaborador, non llo permitía a súa forma de ser, entregouse de cheo a dinamizar a actividade sindical agraria e abandonou os estudos.

Esto foi unha constancia na súa vida, a entrega social por encima do interese particular.

El era a persoa ideal para romper, para implantar as Comisións Labregas, porque a Mariano nada o desanimaba.

Sobrepoñíase a todas as adversidades e, sobre todo, a actividade sindical motivábao porque el era un home de estar sempre na loita, no corpo a corpo, na entrega militante.

Lémbrome que unha vez apareceu por Lugo a debater non sei que documento, e díxome: "por qué teremos a



Mariano Lema Pérez á fronte da manifestación *En defensa do augardente artesanal*, en Santiago de Compostela, durante a súa etapa como responsábel do sector do viño no SLG.

manía de escribir documentos, o que hai que facer é traballar nas cantinas e nas cociñas do rural, máis acción é o que fai falla".

Lémbrome sobre todo porque eu era o que escribira aquel documento para discutir e non me sentou moi ben que mo desprezara. Pero el era así, no debate era (como di Iñigo) agreeo, moi agreeo, non era fácil acercar posturas cando se posicionaba a contra.

Esto derivaba da súa forte personalidade, e convertíase nunha virtude na defensa intransixente dos dereitos dos labregos e labregas. Non era fácil debater con el, pero tampouco era fácil para os que estaban enfronte da súa ideoloxía.

Mariano era un home de acción, de acción social e política.

Rilábanlle os ollos cando se convocaba algunha mobilización, el sempre estaba en campaña, e aínda tiña tempo para traballar no BNG de Vedra, conquistou ser concelleiro. Cando se aprobaron xa no SLG as incompatibili-

dades el defendeunas a sabendas que ía ter que escoller.

Estou seguro que non lle gustou, el quería seguir representando ao SLG na loita social e facendo a interpretación política institucional no BNG, pero non se opuxo, ao contrario defendeu as incompatibilidades por propio convencemento. Antes fora responsable comarcal de A Estrada, responsable do viño a nivel Nacional.

El estivo en todas as loitas da segunda metade dos 80 e dos anos 90.

Si teño que destacar unha loita unida a Mariano, é a da augardente artesanal, quizás porque a viviu si cabe máis intensamente ao ser da zona do Ulla.

Pero el estivo en todas, entregando a súa vida.

Chegou o momento que as incompatibilidades do SLG, leváronlle a quedarse como concelleiro e despois como Deputado Provincial. Desa época sei pouco, pero dame a sensación que foi a peor para el, quizás porque se alonxou do que a el lle gustaba, o con-

tacto coa xente de abaixo.

Con todo lembro que organizou os debates da Comisión do Agro do BNG, el fixo xornadas moi interesantes, onde a organización debatía as ideas e onde trataba incorporar a actividade política ao rural galego.

Despois participou no goberno no seu Concello, e aquí cambiou o agro pola cultura, dinamizou culturalmente este pequeno concello, intentando ser coherente e traballando en positivo.

Pero na política ás veces a incomprensión ven da propia organización, e como viu que se dubidaba do seu traballo deixouno sen máis. Outra vez aparece a entrega, o máis fácil era quedarse de concellal ate o final da lexislatura, pero abandonou tendo adicación exclusiva.

Nunca tivo pretensións de medre persoal no económico, podía estar equivocado, pero a súa vida era de entrega militante sen pedir nada a cambio. O único que si lle gustaba era o recoñecemento, pero ¿a quen non lle gusta?

En memoria de Mariano Lema

Os últimos anos volveu ao SLG. Lembro tamén a súa volta, veu falar comigo porque levaba a nivel nacional temas de organización e preguntoume si había sitio no Sindicato para traballar nunha oficina, con papeis, que estaba cansado da loita social. Eu non dixen nada, non quería discutir aquel día, pero pensei, “que hipócrita, si o teu é estar na fronte da loita”.

Volveu para A Estrada, e dende alí dinamizou o Deza, na oficina non sei si estivo a primeira semana, despois estaba organizando asem-

bleas, cursos, e sobre todo chamando por telefono aos labregos: “Cando quedamos para tomar un churrasco? Se cobro podemos mellor quedar diante dun chuleton”.

No Deza volvía ao principio, a intentar ter presenza do SLG nunha comarca onde a implantación era escasa. E alí ano a ano aumentaba de afiliación.

O último ano tivo outra acción, unha acción contra unha doenza que sempre pensou que ía vencer, porque para Mariano non había derrotas, so pasos atrás para tomar impulso. E estou con-

vencido que en parte, tamén gañou esta loita.

O acto de homenaxe e cariño do día 12 foi outra campaña de Mariano. Aquí si que tivo recoñecemento, cariño de moita xente, cun acto emocionante e cheo de contido social e político.

Alguén dixo que hai dúas clases de vida, a vida que morre e a vida que transcende.

A vida de Mariano é unha vida que transcende. Transcende na memoria colectiva deste País, transcende polo seu compromiso social, pola súa entrega, polo seu debate,

polo seu posicionamento.

Mariano no Sindicato Labrego Galego ocupaba espazo e tempo, participaba, dinamizaba con forza, con animo, con valentía.

Tiña claro o seu compromiso con este País, cos labregos e labregas. Ía sempre cara adiante.

Agora seguirá ocupando espazo e tempo noutra dimensión, pero seguirá na memoria de moitos e moitas, seguirá como patrimonio dun sindicalismo de loita e de futuro.

Miguel Méndez,
compañeiro durante moitos anos.



Mariano foi creador e firme impulsor das feiras sustentables, foto tomada na de Lalín no ano 2007.

Mariano Lema.

Este nome e este apelido simbolizan na súa máxima expresión o traballo, a honestidade, a honorabilidade e a defensa das causas xustas.

Foi imposible non se deixar impregnar por esa aureola que desprende sempre alí por onde pasou.

Eu, como compañeiro e amigo do Sindicato Labrego Galego, tiven a sorte de poder compartir moitas horas ao seu lado

Durante todo ese tempo fixonos, non só madurar, senón tamén mellorar como persoas.

Por iso, débémolle a Mariano a súa visión do mundo comprometida e loitadora por un sociedade mellor.

Debémolle a Mariano a sabedoría popular que el colleitou durante moitos anos que tan ben conxeniaba co seu amplo coñecemento intelectual.

Debémolle a Mariano esa defensa do colectivo na que as persoas sempre foron o importante.

Debémolle a Mariano o alento nos malos momentos e a valentía ante a adversidade.

Eu débolle, tamén, permitirme medrar ao seu lado, e nós, os homes e mulleres do SLG, débémolle o exemplo, a perseverancia e a coherencia.

Son moitos labregos e labregas os que viron en Mariano a motivación e a ilusión para seguir loitando e traballando duro todos os días. Sempre situou nunha posición central aos labregos e labregas. Para el, son o cerne do país, o eixo principal da sociedade galega e fonte incalculable de cultura.

A calidade humana de Mariano é infinita e somos afortunados os moitos amigos e amigas, os moitos labregos e labregas deste país de telo coñecido, por iso nestes momentos só nos queda dicir que seguiremos loitando contigo na memoria para manterte sempre connosco.

Amigo Mariano, moitas grazas pola vida que nos deches.

Marcos Louzao Outeiro.

Milleiros de gandeiros e gandeiras loitando por un prezo xusto para o leite

O sector leiteiro da Galiza está a dar a batalla

Os últimos anos as primaveras denominador común, e reivindicación fundamental, é sempre o tema dos prezos, e iso é debido a que, con altibaixos, o sector produtor leva moitos anos perdendo rendibilidade da súa actividade. As políticas leiteiras definidas dende Europa, e sempre apoiadas polos diferentes ministerios e gobernos, están pensadas para isto.



Unha terceira parte das 15.000 gandeiras e gandeiros que acudimos a manifestarnos a Madrid somos galegas e galegos. Das nosas explotacións obtense un terzo de todo o leite producido no Estado español.

As actuais políticas leiteiras están pensadas dende o punto de vista do neoliberalismo para beneficiar ás grandes corporacións, inda que sexa á costa de desfacer o sector produtor, e canda el, boa parte da vertebración socioeconómica do rural.

Hogano non pode ser menos, e como chove sobre mollado, e os prezos cada vez son menos capaces de pagar os custos de produción e o traballo de labregos e labregas produtoras, as mobilizacións tamén deben ser importantes: o 16 de abril, o sector produtor galego foi quen nutriu basicamente a manifestación de Madrid que convocaba a produtores e produtoras de todo o Estado.

É unha obviedade que sendo o País que posúe a metade das granxas e un terzo da produción, correspondíanos liderar esa mobilización, pero é que hai algo máis: a toda a cor-

nisa cantábrica vainos a vida neste sector, xa que é o principal sustento económico do noso rural e das nosas vilas.

Non obstante era difícil non ter en conta que a última vez que fomos masivamente a Madrid eramos máis: trinta e cinco mil explotacións só na Galiza, comparado coas trece mil que quedamos.

O día 16 cumprimos pois, unha vez máis, (e neste sector levamos demasiados anos facéndoo) coa nosa responsabilidade de procurar futuro para o sector, para nós e o noso entorno.

Non foi abondo, como tamén leva anos ocorrendo, xa que os/as nosos/as gobernantes seguen erre que erre na súa teima de seguir liberalizando o sector, sendo conscientes de que o destrúen, pero iso é o prezo que acarrea manterlle os beneficios ás intocábeis corporacións da grande

distribución.

Sábano e teñen decidido que así sexa, e nós temos que seguir loitando para convencelos do contrario. Por iso o 8 de maio volvemos á mobilización, esta vez comarcal, pero contando coa implicación e o apoio dos máis negocios das nosas vilas; para dicirlles que queremos seguir facendo o noso traballo, e que ademais o noso traballo é necesario e beneficioso para toda a sociedade.

A loita continúa

Parece que seguen sen entender. Aceptan que a nosa situación é difícil e comprometida e que é mala a nosa desaparición, pero seguen sen cuestionar o poder da grande distribución, e queren seguir tapándonos as feridas con mendedos rotos.

Temos, pois, que seguir na mobilización e na defensa do noso, até mudar esta situación e este xeito de

pensar de quen nos goberna, advertíndolles que senón, este conto ten o mesmo final que o de *Pedro e o Lobo*, e pode pasar que cando sexan capaces de ver a necesidade do noso traballo e o seu beneficio social e económico, xa non quedemos ninguén para facelo.

Nestes momentos está anunciada nova mobilización para o 26 de maio, esta vez a xeito de tractorada, e teremos que seguir e seguir até demostrar, unha vez máis, coma nos últimos vinte anos, que queremos seguir nas nosas explotacións, nas nosas casas e nas nosas parroquias, vivindo do noso traballo e ca nosa xente, e que temos tanto dereito a facelo e tanta importancia para a sociedade coma quen ocupa os postos nos gobernos e nos seus ministerios.

Adiante, pois, que o futuro é noso.

Queremos seguir vivindo do noso traballo e ca nosa xente, temos tanto dereito a facelo e tanta importancia para a sociedade coma quen ocupa os postos nos gobernos e nos seus ministerios

O cambio climático aumentará a desnutrición en 500 millóns de persoas

A maioría das afectadas serán mulleres labregas que viven nos países do Sur

O Seminario "Consumo Responsable e Cambio Climático", enmarcado dentro da X Semana Galega de Comercio Xusto, reuniu a máis dun cento de asistentes na Universidade de Santiago de Compostela o pasado mes de abril.

O SLG abordou estreitamente coa organización a prol do comercio xusto Amarante, coordinadora de ámbolos dous eventos.

Así, Lidia Senra na súa intervención "A perspectiva galega da crise económica e alimentaria", analizou a problemática do cambio climático vencellado ao sistema de produción alimentar industrial.

Senra salientou a necesidade de voltar a modelos agroecolóxicos que ademais de supoñer un cambio nos modos de produción alimentar, rematen co irracional desprazamento de alimentos polo mundo que estamos a presenciar arestora, por mor dos intereses das grandes multinacionais que operan no mercado global.

O SLG, canda organizacións do ámbito da ecoloxía e do consumo responsable expuxeron o impacto que está tendo o actual modelo de consumo e o sistema comercial internacional no medio ambiente e na vida das persoas, especialmente dos labregos e labregas, que producen a maioría dos alimentos consumidos no mundo.

As persoas asistentes ás xornadas amosaron grande coñecemento das problemáticas vinculadas ao cambio climático e disposición para cambiar o actual modelo.



A organización labrega internacional Via Campesina ten coma responsábeis unha muller e un home por cada "rexión" do mundo. Lidia Senra, Secretaria de Organización do SLG é a muller responsábel por Europa, Mariam Sissoko, convidada a Galiza para participar no seminario Consumo Responsábel e Cambio Climático que tivo lugar en abril na Universidade de Santiago de Compostela, é a muller responsábel por África.



Jeromo Aguado, da Universidade Rural Paulo Freire,



Gustavo Duch, de Veterinarios sen Fronteiras.

Análise do sector leiteiro coa mocidade de Vigo



Novamente convidado polo centro social autosexistionaldo A Revolta (Vigo), o Sindicato Labrego analizou, canda a mocidade aló reunida, as claves do conflito no que se atopa o sector leiteiro da Galiza.

XORNADA INFORMATIVA SECTOR DE VACÚN

Lugar de celebración en **ABADIN - LUGO**
Venres 22 de maio, de 11 A 13 h e de 16 a 18h

-NOVA NORMATIVA SANITARIA
-SANEAMENTO GANDEIRO
-SITUACIÓN SECTOR DA CARNE.

Cómpre anotarse nos locais do slg antes do día 20 de maio.

AVISO

Cambio de enderezo do local do SLG en **Ordes**.
A partir do 1 de Xuño estaremos en: **R/ Nova n° 33, Baixo, 15680**
(Ó lado de Imprenta Alpi)

Encontro da Mocidade do Sindicato Labrego As políticas de instalación na actividade agraria: do papel á realidade



Isabel Vilalba, Secretaria de Servizos ao Rural e Soberanía Alimentar, canda Belén Fervenza Couñago, membro da Dirección Nacional do SLG, foron as encargadas de coordinar a Xornada da Mocidade do SLG. Durante as xornadas déronse a coñecer experiencias de instalación por sectores, a cargo de mozas e mozos instaladas ou instalados en diferentes sectores de produción. Tamén se analizaron os prós e os contras das políticas de incorporación e instalación de mozas e mozos nas explotacións agrarias e abordouse que supón para unha moza, que supón para un mozo desenvolver a actividade agraria e vivir nunha aldea.

Transxénicos e soberanía alimentar no C.S. Atreu de A Coruña



Lidia Senra -Secretaría de Organización-, e Charo Sánchez, -Secretaría de Medioambiente, Terra e Montes- foron as encargadas de achegar o posicionamento do Sindicato Labrego Galego.

A rapazada do centro social Atreu de A Coruña contactou co SLG para levar a cabo unha palestra informativa sobor da loita contra a imposición dos organismos xenéticamente modificados e as consecuencias

negativas que supoñen para a loita pola soberanía alimentar para os pobos. As numerosas persoas asistentes amosáronse moi sensibilizadas con unha loita que non é só labrega, senón de toda a sociedade.

Anuncio a todas as afiliadas e afiliados que facedes a declaración da Renda nos locais do SLG

DOCUMENTACION RENDA 2008

En todos os casos:

Declaración da renda do ano 2007.

No caso de non ter a declaración de 2008: datos persoais (nome e apelidos, Nº de DNI e data de nacemento) de todos os membros da Unidade familiar.

Datos fiscais (Carta da Axencia Tributaria).

Referencia catastral da vivenda habitual (recibo da contribución urbana)

Certificacións de rendimentos de todas as contas bancarias, accións, bonos, dividendos de Sociedades, Cooperativas, Montes veciñais, etc., que esteñan a nome de calquera dos membros da Unidade Familiar.

Recibos da contribución urbana que esteñan a nome de calquer membro da Unidade Familiar. Importes cobrados por alugueres.

No caso de traballadores/as por conta allea, pensionistas, parados/as:

Certificacións de retencións. (empresas, INSS, INEM, etc.)

Cotizacións a sindicatos obreiros, se é o caso.

No caso de rendimentos da actividade agraria

Certificados de retencións das empresas leiteiras, xateiros, etc.

Facturas de venda de vacas, maquinaria, e demais elementos afectos á actividade.

Xustificantes de todas as subvencións recibidas no ano 2008

(Pagamento Único, Nodrizas, superficies, lactacións, seguros de gando, Planos de mellora, prima láctea, etc.). Subvención do Agro-Seguro (Traer a copia da póliza do 2008)

Informe de indemnizacións de agro-seguro, saneamento, etc.

Facturas de venda de madeira (se é o caso)

Folla de saneamento

Facturas de investimentos

Facturas de gasóleo agrícola, plásticos e fertilizantes adquiridos no 2008.

Se puxeche ADSL por primeira vez no 2008, trae as facturas.

No caso de ser necesario, pódese facer un inventario da explotación para deducir polos investimentos realizados nos últimos anos. Para isto, é preciso a relación de todos os elementos afectos á explotación (vacas, maquinaria, instalacións, etc) con data e prezo de compra. Se xa se ten feito en exercicios anteriores unicamente teremos que actualizalo.

Outros ingresos, no seu caso:

Documentación xustificativa de venda de Fincas, Vivendas, Activos financeiros, Fondos de investimento, Cobros por expropiacións, etc. Subvencións de rehabilitación de vivenda cobradas no ano 2008, etc. Facturas de venda de dereitos de nodrizas, etc.

Deducións e reducións:

Aportacións a Planos de Pensións, aluguer de vivenda, hipotecas, etc. (Se as hai)

ROGAMOS-VOS QUE NOS TRIADES A DOCUMENTACIÓN O ANTES POSÍBEL PARA EVITAR PROBLEMAS DE ÚLTIMA HORA.

Atilano Borrás, rapador de ovellas dende 1990

“A rapa das ovellas na Galiza foi tradicionalmente feita por mulleres”

Falamos con un profesional da rapa na Galiza, o compañeiro Atilano Borrás Gargallo, nacido en Alcañiz (Teruel) no ano 1976. No ano 1999 afínca en Vilar de Ernes no concello de Negueira de Muñiz (Lugo), onde vive xunto coa súa compañeira Dora Cabaleiro e os seus dous fillos teñen unha explotación de ovino e cabrún e están afiliados ao SLG.

■ Fálanos dos teus inicios e de como fuches perfeccionando a técnica.

Comecei no mundo da rapa como traballador no ano 90, e despois de catro anos din o paso a coller a tixeira e pasei nove anos rapando por todo Aragón.

Comecei a facer campañas por Galiza no ano 2005.

Antes os motores eran de gasolina e os grandes gandos facíanse con cuadrillas moi numerosas, de ata oito rapadores/as e catro colletores/as.

Os pastores/as facían o traballo de recoller a lá e o resto da xente preparaba o xantar do día.

Daquela as ovellas rapábanse atadas, mais no ano 2000 asistín a un curso en Puente la Reina dunha técnica Neozelandesa de rapa, impartida por rapadores/as de Euskadi.

Esta técnica baséase en sacar o bellón nunha peza no menor número de pasadas de máquina cunhas posturas cómodas para o rapador/a, as ovellas déixanse de rapar atadas para facelo soltas.

Nos anos seguintes perfeccionei a técnica nas sucesivas campañas e asistindo a mais cursos en Monterrubio de la Serena (Badajoz) impartidos polos mellores profesionais do Estado, entre eles/as o do campión de España de rapa: Cristóbal Burguete.

Támén participei no campionato de España que

se celebrou en Burgos quedando nunha destacada posición.

Nestes campionatos valórase a calidade final da rapa: que non haxa cortes, facelo cos menos pases posibles, sen repasar e no menor tempo.

Outra modalidade de concurso no que participo é o Speedshear, en Veguellina de Orbigo (León) na que o único que se valora é a velocidade.

A demanda de profesionais está a provocar á volta á actividade de persoas xa retiradas

■ Coa túa experiencia profesional en diferentes lugares da península, como ves o panorama da rapa na Galiza?

Tradicionalmente eran as mulleres as que rapaban, facían a tixeira e con métodos ancestrais.

Na actualidade hai poucos rapadores/as profesionais polo que non se dá feito todo o traballo.

Os rapadores/as dos países do Leste prefíren



Atilano Borrás rapando unha ovella cunha técnica exportada dende Nova Zelandia. Permite rapar os animais sen telos atados e sacar o bellón nunha peza nun menor número de pasadas, e en posturas cómodas para o rapador ou rapadora.

rapar en Francia, Alemaña ou Inglaterra polo que en todo o Estado non se dá feito o traballo, isto está motivando que moitos rapadores/as retirados/as, de Extremadura e Andalucía, volvan a recuperar a súa profesión polo que subirá a calidade da rapa.

Na actualidade existen como referencia na península unhas cincuenta cuadrillas de profesionais que actúan a moi alto nivel.

■ Que vantaxes e inconvenientes ten este traballo?

Como vantaxes: con moito traballo gáñase ben a vida, viaxo moito, coñezo moita xente e moitos lugares e durante a cam-

paña trabállase todo o que se quere, traballo para min mesmo, sen xefe, e organízome ao meu xeito.

Os inconvenientes: estar moito tempo lonxe da familia, o esforzo físico e psíquico é grande, moitos días seguidos traballando doce horas sen case que ningún día de descanso nos tres meses e medio que dura a campaña.

■ Cal é a situación das mulleres nesta profesión?

No mundo hai decenas de mulleres que se adican a rapa de xeito profesional, demostrando un moi alto nivel tanto en resistencia como en calidade e cantidade de ovellas rapadas por

día, sendo a neozelandesa Emily Welch, de 27 anos, a que ten o record mundial por esquilar 648 cordeiros en menos de 9 horas.

No Estado hai mulleres rapadoras en Burgos, Valladolid, en Euskadi, etc.

■ Como esperas a campaña deste ano?

A actual, que é a 5ª que fago na Galiza, comeceina o día 1 de Abril en Ourense e despois de percorrer aldeas das catro provincias teño previsto rematar o 15 de xullo en Lugo. Como novidade terei un compañeiro polo que faremos 7.000 ovellas a maiores das 10.000 que rapaba outros anos.

Novo virus AH1N1:

A consecuencia dunha produción gandeira absolutamente irracional e insostíbel que rebenta por todas partes

A produción gandeira pasou nas últimas décadas de milleiros de granxas en cada sector con ducias ou centos de cabezas, a ducias ou centos de granxas con milleiros de cabezas. O sector porcino é un máis, pero non diferente.

Isto provocou, en primeiro lugar, a destrución de milleiros de postos de traballo, pero ademais significou pasar dunha alimentación racional e semellante á que os animais comen no seu estado natural, a unha alimentación totalmente planificada e dependente da industria, onde os medicamentos xogan un papel fundamental.

Cando os humanos comemos o produto final, tamén inxerimos os alimentos de produción industrial e os medicamentos subministrados nesas granxas superintensivas, con milleiros de animais e alimentación non natural, nas que se producen aberracións coma a redución do período de cría a menos da metade do normal.

Estes "negocios" apoiados dende os gobernos cunha lexislación feita á súa medida, son o "caldo de cultivo" perfecto para a proliferación de

enfermidades, moitas delas debidas á masificación e á debilidade destes animais perante dos axentes externos.

Por outra banda, como a produción está cada vez máis concentrada en poucas granxas, cada vez hai que mover máis os animais, co que se consegue unha grande expansión das enfermidades en moi pouco tempo.

Isto multiplícase exponencialmente nos actuais mercados globalizados co tráfico de alimentos entre países e continentes.

Dende o Sindicato Labrego Galego denunciámos que o actual modelo de produción gandeira é cada vez máis antisocial, xa que xera beneficios para cada vez menos xente e está totalmente en mans das grandes corporacións, ao tempo que aumenta a fame no mundo.

Ao mesmo tempo, incrementa a inseguridade alimentaria, coa introdución e dispersión de enfermidades, e con "alimentos de laboratorio" que poñen en perigo a saúde dos consumidores e consumidoras (vacas tolas, gripe aviar, gripe porcina...).



Produción intensiva de porcos. O sector pasou de milleiros de granxas con ducias de cabezas a ducias de granxas con milleiros de cabezas.

Con estas circunstancias, e en troques de ver como tratamos cada ano unha nova pandemia, como alarmamos á sociedade, e como poñemos ricos ós laboratorios coa compra de medicamentos e vacinas; non sería máis razoábel que nos cuestionásemos se esta maneira industrial e intensiva de producir alimentos é a que nos convén aos seres humanos?

Porque as cifras de ingresos xa confirman que ás grandes corporacións si que lles convén, xa que

son quen venden o alimento e os medicamentos para os animais, tamén son quen comercializan a carne deses animais, e por se fora pouco volven a vender os medicamentos e vacinas para as persoas vítimas das enfermidades que o propio sistema provoca.

Os seres humanos somos claramente agredidos neste sistema de produción de alimentos a cambio de pingües beneficios para as grandes corporacións.

Epidemia de lucro

Silvia Ribeiro*

(Artigo publicado no xornal La Jornada, México, o 28 de abril 2009)

A nova epidemia de gripe porcina que día a día ameaza con expandirse a máis rexións do mundo, non é un fenómeno illado. É parte da crise xeneralizada, e ten as súas raíces no sistema de cría industrial de animais, dominado por grandes empresas transnacionais.

En México, as grandes empresas avícolas e porcícolas proliferaron amplamente nas augas -sucias- do Tratado de Libre Comercio de América do Norte.

Un exemplo é Granxas Carroll, en Veracruz, propiedade de Smithfield Foods, a maior empresa de cría de porcos e procesamento de produtos porcinos no mundo, con filiais en Norteamérica, Europa e China.

Na súa sede de Perote comezou hai algunhas semanas unha virulenta epidemia de enfermidades respiratorias que afectou ao 60 por cento da poboación de A Gloria, feito informado por *La Jornada* en varias edicións, a partir das denuncias dos habitantes do lugar.

Dende hai anos levan unha dura loita contra a contaminación da empresa e sufriron mesmo represión das autoridades polas súas denuncias.

Granxas Carroll declarou que non está relacionada nin é a orixe da actual epidemia, alegando que a

poboación tiña unha gripe "común". Polas dúbidas, non fixeron análise para saber exactamente de que virus se trataba.

En contraste, as conclusións do panel *Pew Commission on Industrial Farm Animal Production* (Comisión Pew sobre produción animal industrial), publicadas en 2008, afirman que as condicións de cría e confinamento da produción industrial, sobre todo en porcos, crean un ambiente perfecto para a recombinación de virus de distintas cepas.

Mesmo mencionan o perigo de recombinación da gripe aviar e a porcina e como finalmente pode chegar a recombinar en virus que afecten e sexan transmitidos entre humanos.

Mencionan tamén que por moitas vías, incluíndo a contaminación de augas, pode chegar a localidades afastadas, sen aparente contacto directo.

Un exemplo do que debemos aprender é do brote da gripe aviar. Ver por exemplo o informe de GRAIN que ilustra como a industria avícola creou a gripe aviar (www.grain.org).

Pero as respostas oficiais ante a crise actual, ademais de ser tardías (esperaron que Estados Unidos anunciase primeiro o nacemento do novo virus, perdendo días valiosos

para combater a epidemia), parecen ignorar as causas reais e máis contundentes.

Máis que enviar cepas do virus para a súa secuenciación xenómica a científicos como Craig Venter, que se enriqueceu coa privatización da investigación e os seus resultados (secuenciación que, por certo, xa foi feita por investigadores públicos do Centro de Prevención de Enfermidades en Atlanta, Estados Unidos), o que se necesita é entender que este fenómeno vaise seguir repetindo mentres prosigan os criadeiros destas enfermidades.

Xa na epidemia, son tamén as transnacionais as que máis se lucran: as empresas biotecnolóxicas e farmacéuticas que monopolizan as vacinas e os antiviruses.

O goberno anunciou que tiña un millón de doses de antixenos para atacar a nova cepa de influenza porcina, pero nunca informou a que custo.

Os únicos antiviruses que aínda teñen acción contra o novo virus están patentados na maior parte do mundo e son propiedade de dúas grandes empresas farmacéuticas: Zanamivir, con nome comercial Relenza, comercializado por GlaxoSmithKline, e o Seltamivir, sendo a marca comercial Tamiflu, patentada por Gilead Sciences, con

licencia exclusiva para Roche.

Glaxo e Roche son a segunda e cuarta empresas farmacéuticas a escala mundial e, do mesmo xeito que co resto dos seus fármacos, as epidemias son as súas mellores oportunidades de negocio.

Coa gripe aviar, todas elas obtiveron centos ou miles de millóns de dólares de ganancias. Co anuncio da nova epidemia en México, as accións de Gilead subiron o 3 por cento, as de Roche o 4 e as de Glaxo o 6 por cento, e isto é só o comezo.

Outra empresa que persegue este aumento negocio é Baxter, que solicitou mostras do novo virus e anunciou que podería ter a vacina en 13 semanas. Baxter, outra farmacéutica global (no lugar 22), tivo un "accidente" na súa fábrica en Austria en febreiro deste ano. Envioulle un produto contra a gripe a Alemaña, Eslovenia e a República Checa, contaminado con virus de gripe aviar. Segundo a empresa, "foron erros humanos e problemas no proceso", do cal non pode dar detalles, "porque tería que revelar procesos patentados".

Non só necesitamos enfrontar a epidemia da gripe porcina: tamén a do lucro.

* Investigadora do Grupo ETC
www.etcgroup.org

Normativa vixente dende marzo deste ano

Declaración para a información á cadea alimentaria

No pasado mes de Marzo, foi publicado o Real Decreto 361/2009, que regula a información sobre la cadea alimentaria que debe acompañar aos animais destinados a sacrificio. Esta lexislación vén a cumprir normativa europea dos anos 2004 e 2005 que estaban en periodo de aplicación transitorio, e que esencialmente consiste, no que ao sector produtor se refire, a que os ou as titulares ou responsábeis das granxas teñen que asinar unha declaración cando venden animais con destino final a sacrificio.

Nos sectores bovino, ovino e cabrún, isto non é cousa nova, xa que hai un tempo eliminaron a obrigatoriedade do certificado veterinario (que actualmente voltaba ser obrigado) e no seu lugar había que asinar unha declaración moi semellante á que agora se vai implantar.

Para estes sectores esta declaración rematará novamente coa obriga de aportar un certificado veterinario de aptitude para o sacrificio, e para as demais especies gandeiras: coellos, équidos, aves e porcino; supón un novo requerimento, que ata o de agora non estaba aplicado, aínda que si estaba previsto dentro do "paquete de hixiene" da Unión Europea.

Esta declaración, que no

caso de que os animais se vendan directamente ao matadouro, deberá entregarse no mesmo con 24 horas de antelación (no caso de venda a través de intermediarios poderán ir acompañando ós animais); consta de catro apartados diferentes que aportan os datos que desglosamos no cuadro*.

Aínda que non é moi complicado, non é posible describir dende estas páxinas o proceso de cubrir a declaración, polo que dende o SLG, nos vindeiros días organizaremos actos nas comarcas para aprendermos a cubrir o modelo, aos que vos convidamos dende aquí a asistir.

Na práctica, en principio as primeiras semanas vaise manter o servizo de certifi-

cación prestado por SEAGA, o que significa que chamando ao teléfono do CIAG virá unha persoa axudarnos a cubrir a declaración.

Pero no futuro, non sabemos como se vai facer isto, polo que o máis práctico é que aquelas persoas que poidades vos afagades a cubriro vós mesmos ou vós mesmas.

En canto ao fin para o que se establece esta obriga, en principio, e como o seu nome indica é para aportar información á cadea alimentaria, xa que a norma afecta non soio ao sector produtor senón tamén aos operadores dos matadouros.

Outra novidade é que os matadouros deben aportar ao/á titular da explotación un informe de incidencias,

no caso de que existiran na inspección *post mortem* que fai a/o veterinaria/o do matadouro.

Se esta información se converte nun incremento da trazabilidade, e de información ao sector consumidor, ou o que é o mesmo, nun aumento da transparencia dos mercados, pagará a pena o esforzo. Se non é así, estaremos diante dunha nova imposición burocrática que non beneficia a ninguén.

En canto á posta en vigor, dicir que esta normativa está en vigor dende o 29 de marzo, agás a de aportar as declaracións con 24 horas de antelación á chegada do animal (no caso de non haber perosas intermedias), que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2010.

*Novos datos para a declaración

A) Datos administrativos do titular da explotación e da persoa que leva os animais ao matadouro (responsable da expedición).

B) Datos do envío, sobre os animais, especie, número e identificación individual ou do lote.

C) Información sobre os animais enviados, tratamentos medicamentosos aplicados nos últimos 30 días.

D) Información sanitaria da explotación.

Resultados positivos falsos en probas de tuberculose no gando

Medidas acordadas tras a reunión mantida con gandeiras e gandeiros afectados

Carme Freire Cruces -Secretaria Xeral do SLG-, Adolfo Cabarcos -Secretario de Sectores Gandeiros- e Marcos Louzao -responsábel comarcal do SLG en Taboíros-Terra de Montes- reuníronse o pasado vinte e un de abril con gandeiras e gandeiros afectados por resultados de falso positivo en tuberculose no seu gando.

Na actualidade, o protocolo sanitario establece que estes animais deben de ser sacrificados a partir da primeira análise que reflicta posibilidade de contaxio, incluíndo os "positivos dubidosos".

Nembergantes, a única proba que certifica cen por cen a presenza de tuberculose no gando é a proba *post mortem*.

Segundo vimos observando dende o Sindicato Labrego Galego, somentes nunha mínima parte destes casos a proba *post mortem* co-

robora a existencia de tuberculose.

Cómpre levar ao extremo o control sanitario do noso gando, e iso habería de incluír a aplicación de probas realmente fiables para a detección das posibles enfermidades e non movermos nos casos de "supostos", que en numerosas ocasións acaban supoñendo unha perda económica inxusta para as explotacións, nomeadamente do sector lácteo, agravando inda máis a actual situación.

Dende o Sindicato Labrego Galego consideramos que antes de levar a cabo o sacrificio das vacas haberíase de establecer medidas exhaustivas de control sanitario destes animais co obxectivo de confirmar se verdadeiramente están enfermos.

Deste xeito trasladaremos á Administración galega na entrevista xa solicitada coa futura ou

futuro responsábel de sanidade animal, a necesidade do establecemento de precedentes de control sanitario rigorosos para manter nas mellores condicións sanitarias a nosa cabana gandeira, pra o que o SLG plantexará os seguintes puntos:

1. Acordamos demandar do Xefe de Sanidade Animal da comarca Deza-Taboíros que suspenda a marcaxe e o posterior sacrificio dos animais que deron positivo "dubidoso" en canto non se acade un acordo co/ca responsábel de sanidade animal do novo goberno.

2. Realizar novas probas, dado que os/as afiliados/as denuncian que non se fixeron correctamente en moitos casos, e que ademais temos constancia de que só o 0,01 dos casos de vacas dubidosas de tuberculose dá positivo na análise *post mortem*, o que demostra a escasa

fiableza das probas actuais.

3. No caso que se confirmen as vacas positivas, solicitamos que se lle dea a posibilidade ao/á gandeiro/a de elixir o tipo de sacrificio (selectivo ou baleirado) e coas mesmas indemnizacións (indemnización por animal sacrificado e lucro cesante); e tamén que o baremo para indemnizar os animais sexa o mesmo que emprega Agrosseguro, onde se teñen en conta, ademais da idade, tipo de animal, xenética, raza, tipo de explotación -intensiva, extensiva, ecolóxica, etc-.

4. Solicitar outra entrevista co/a novo/a responsábel de sanidade animal para xestionar esta situación, unificar criterios en todo o país, mellorar o sistema para detectar esta enfermidade e mellorar as axudas en caso de positividade.

Inestabilidade, baixa produción, pragas...

Viño e cambio climático

Nas pasadas semanas os medios de comunicación fixéronse eco dun estudo de Medio Ambiente onde se tiraban consecuencias dos cambios previstos na Galiza polo incremento da temperatura de 1'5 graos de media para mediados de século. Carécese de rigor científico e dun profundo descoñecemento de viticultura e viño cando se afirma que esta subida das temperaturas, que traerá un adianto na floración de até dous meses, reducirá os orballos e as xeadas, será beneficioso para a viticultura.

Até o de agora, o único que o cambio climático trouxo ao sector foi inestabilidade e colleitas de baixa produción, anos de moi baixa acidez, xiadas tardías que danan os brotes, golpes fortes de calor que producen solano, tormentas con pedrisco, pragas como a Araña Roxa e outros ácaros (anos atrás inexistentes na Galiza).

A nosa viticultura

A nosa viticultura de calidade baséase en variedades autóctonas de ciclo curto, (Alvariño, Godello, Treixadura, Mencía, ...).

Son de ciclo curto por ter un froito composto por acios pequenos con bagos pequenos, que adaptados por centos de anos aos diversos microclimas e aos nosos solo, convirten as nosas variedades en excepciónais, cun comportamento diferente ao que teñen noutros climas máis cálidos e máis secos.

O adianto da vendima non é positivo xa que estas variedades precisan dunha maduración lenta, proporcionada polas grandes diferenzas térmicas entre o día e a noite das nosas comarcas de interior, ou a húmida suavidade das zonas costeiras.

Outros problemas que temos os viticultores e viticultoras nos veráns moi quentes, sen choivas nen orballos, son o adianto da parada vexetativa e a vendima, as uvas brancas collen cor dourada e per-

den acidez.

Os nosos viños

Os viños galegos son estimados pola súa acidez ben estruturada co alcohol que lle dá unha ampla sensación de frescura en boca, tamén polo seu gran aroma a froitas verdes, nos brancos e roxas nos tintos; sen esquecer o seu aspecto visual que é amarelo con ribetes verdosos nos brancos e roxo intenso cos bordos violetas nos tintos.

O Clima é un factor fundamental para determinar o carácter dun viño polo que de existir outras condicións climáticas máis cálidas e secas, os nosos viños perderían esas marcadas diferenzas, esa tipicidade, para converterse en viños máis difíciles de beber, máis cansinos en boca -por falla de acidez-, mais alcohólicos,

menos aromáticos e con cores máis intensas.

Estas novas características faranos perder os nosos mercados de viños frescos e fáciles de beber, pasando a competir con viños da meseta e do sur peninsular.

Co cambio climático haberá máis lumes, máis secas, máis tormentas, adiantarase a brotación aumentando o risco de xiadas tardías e, en consecuencia, teremos menos colleita e de peor calidade, na viña e no resto de producións agrarias.

Será a ruina do sector vitivinícola galego, polo que os poderes públicos, privados e a Ciencia, en vez de esforzarse por ver cuestións positivas, que non as ten, deberían de empeñar o seu esforzo en frear o cambio climático.



Vendima na comarca de Valdeorras

SECTOR DA PATACA Valoración da campaña 2008/09



Os prezos que se lle pagaron aos produtores/as pola pataca de consumo estiveron en torno aos 0,18 €/kg.

A produción na campaña 2008/2009 tivo rendementos baixos en todas as variedades, debido principalmente ás malas condicións meteorolóxicas, con choivas e temperaturas baixas durante todo o período de cultivo.

Isto provocou que os cultivos de pataca de cedo da zona costeira de A Coruña e Lugo non alcanzaran, na maior parte dos casos, o tamaño comercial para a súa venda.

Nos cultivos de media estación os rendementos foron menores do esperado.

Na Limia, comarca de maior produción da Galiza, os rendementos medios tiveron un descenso do 30%.

Non houbo problemas importantes de *mildeu* nin de outras enfermidades criptogámicas, debido principalmente a que os produtores/as incrementaron considerablemente os tratamentos fúncicos, que sumado aos altos prezos dos fertilizantes e do gasóleo neste período, fixeron que os custes finais da produción se dispararan de xeito alarmante.

Os prezos que se lle pagaron aos produtores/as pola pataca de consumo estiveron en torno aos 18 céntimos/kg, e para a pataca de industria, de frito, ao redor dos 15 cts/kg.

Houbo partidas de variedades tipo *kennenbec* que, de xeito anecdótico, cotizáronse a 25 cts/kg. Istes prezos chegaron ao

consumo multiplicados por 4 ou por 5.

Contrato Homologado

O contrato homologado, proposto pola Consellería de Medio Rural e asinado polos almacenistas e os outros sindicatos (agás o SLG), non tivo ningunha incidencia xa que non garanten un prezo mínimo.

O feito de que o Sindicato Labrego Galego, co respaldo da maior parte do sector, non aceptara as condicións contractuais, forzou á Consellería de Medio Rural a anunciar que para o mes de marzo convocaría unha mesa de negociación para fixar un prezo mínimo que garantizara os custes de produción e unha renda digna aos labregos e labregas.

Agora co cambio de goberno o mes de marzo xa pasou e aínda non sabemos que acontecerá con isto.

A pesar de que o desemprego noutros sectores da produción leva a que moitos propietarios/as de fincas se decidan a cultivar, e da obriga de incrementar a superficie que ten a xente moza que se acolle a plans de mellora e incorporación, estes aumentos non comensan a superficie de cultivo abandonada pola xente que se xubila sen relevo xeracional, polo que a previsión para as vindeiras campañas e de descenso da superficie cultivada de patacas.

Uns días antes da multitudinaria manifestación estatal antitransxénicos que tivo lugar o dezaioito de abril en Zaragoza

25 novas variedades de millo transxénico introducidas no Estado

Malia que recentemente vimos de coñecer a decisión dos Gobernos austríaco e alemán de acollerse á Cláusula de Salvagarda para rexeitar o cultivo de millo transxénico MON810 -do que o Estado español é o maior produtor da

Unión Europea-, o MARM vén de incluír vinte e cinco novas variedades de millo transxénico no Rexistro de Variedades Comerciais do Estado español. Tras case vinte anos de existencia das sementes transxénicas no

mundo, o único que aportaron ás labregas e labregos foron perdas económicas, a obriga de empregar agrotóxicos cada vez máis agresivos, dependencia da agroindustria e unha clara tendencia á privatización da alimentación.



A introdución de organismos xenéticamente modificados na agricultura responde aos intereses dunhas poucas multinacionais da biotecnoloxía que intentan forzar a entrada destes alimentos a pesares do rexeitamento da maioría do sector labrego e consumidor, como se demostrou na multitudinaria manifestación "Por unha agricultura e alimentación libres de transxénicos" que tivo lugar en Zaragoza o pasado dezaioito de abril. Carme Freire, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, foi a encargada de ler o manifesto final canda un labrego aragonés que sufriu a contaminación da súa plantación de millo ecolóxico por mor do millo transxénico da multinacional MONSANTO.

Mediante a publicación da Orde ARM/958/2009, do 2 de abril, non nos atopamos xa perante a permisividade cos cultivos experimentais na Galiza, senón que estase a outorgar o consentimento para a súa comercialización, permitindo a sementeira de campos transxénicos no noso País.

Perante desta nova lei a favor dos transxénicos emitida polo Goberno español, o Sindicato Labrego Galego reirou diante dos medios de comunicación a esixencia á Administración da inmediata posta en marcha de mecanismos que faciliten o acceso a variedades de millo non transxénicas para a alimentación humana e do gando.

OXM's, unha praga

Na súa primeira década de utilización os cultivos transxénicos non aportaron beneficios para os labregos e labregas.

Ao analizarmos a situación atopámonos con contaminación de producións, resistencia de malas herbas e superpragas, perda de contratos, aumento de agrotóxicos, dependencia das agroindustrias, expulsión dos pequenos e pequenas labregas dos ciclos produtivos...

Os transxénicos poñen en perigo a nosa cultura e saberes tradicionais cuestionando directamente o noso futuro como labregas e labregos.

Isto non é unha libre elección coma nos queren



A representación galega deixouse sentir na manifestación estatal antitransxénicos, celebrada en Zaragoza o 18 de abril

facen ver dende as multinacionais e certos gobernos permisivos -incluído o español e o galego-, é unha imposición ao sector produtor de alimentos e, consecuentemente, aos consumidores e consumidoras.

A este respecto, reiteramos a denuncia de que a meirande parte da alimentación para o gando é xa na actualidade transxénica, contando con graves dificultades aqueles labregos e labregas que queren acceder a alimentación para o gando libre organismos xenéticamente modificados (OXM's).

Como labregas e labregos somos parte activa nesta loita e debemos defender o noso dereito como pobo a Soberanía Alimentaria, o dereito a decidir sobre as nosas políticas agrarias, e facer efectivo o dereito a producir alimentos sans e de calidade.

A aprobación da sementeira e comercialización de millo transxénico decidida polo MARM constitúe un duro ataque contra a nosa biodiversidade, así como das expectativas para a consecución da soberanía alimentaria para Galiza.

A D.X. de Montes ralentiza a retirada da madeira derrubada polo temporal

O pasado 15 de abril a Consellaría do Medio Rural publicou no Diario Oficial da Galiza a Orde do 7 de abril de 2009 pola que se desenvolven as medidas urxentes previstas no Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, para a recuperación das zonas forestais polos danos causados polo temporal acaecido no País entre o 23 e o 24 de xaneiro.

Segundo o dicionario da lingua da Real Academia Galega “urxente adx. 1. Que precisa de atención inmediata, que debe ser feito coa maior rapidez posible”, polo que utilizar este adxectivo no enunciado do texto parece, cando menos, algo atrevido, tendo en conta os seguintes criterios: o temporal tivo lugar o 23 e 24 de xaneiro.

As ordes de axuda da Consellaría do Medio Rural e do resto de consellarías foron publicadas no DOG do 3 de febreiro. A do sector forestal non se publicou até o 15 de abril, co cal levamos máis de dous meses de atraso.

A partir de mediados de maio comezará o proceso de instrución, no

que axentes da consellaría deberán inspeccionar e valorar os danos nos terreos obxecto de solicitude a fin de confirmar o volume de madeira real, o que dará como resultado os ditames de resolución, para o que hai un prazo máximo de 9 meses.

En todo este prazo non se pode retirar a madeira do monte, para que a Administración acceda a comprobala veracidade das solicitudes e conceder as axudas en función do volume madeirable.

A partir de aquí, e unha vez concedida a subvención, haberá que esperar a que a Dirección Xeral de Montes adxudique ás empresas a saca de

madeira das fincas, xa que a finalidade da axuda é retirar a madeira dun xeito gratuito para o propietario/a, incrementando así o valor na venta, pero xestionada directamente entre a Administración e as empresas.

O grande problema é que mentres esperamos, a madeira segue a apodrecer no monte, baixando aínda máis o prezo da mesma; e sobre todo, que estamos ás portas do verán con gran cantidade de biomasa amoreada, e altas temperaturas, coas consecuencias que por desgraza todos/as coñecemos.

Por outra banda o articulado da Orde entra en contradición coas directrices que nos comunican dende a DX. de Montes, xa que segundo fontes deste departamento “as solicitudes teñen que ser referidas a terreos que se atopen nun coto redondo” é dicir, que teñen que ser parcelas colindantes.

Isto entra en contraposición co texto da orde, deixando sen validez o artigo 3º, onde só se esixía esta limitación para agrupacións informais de propietarios e propietarios.

Polo tanto, nun primeiro intre, as Asociacións de Propietarios/as Forestais, preferentes na execución das actuacións, deberían facer unha solicitude por cada grupo de parcelas estremeiras ou por cada parcela afectada dun mesmo asociado/a, xa que pola propia distribución da terra no país, nunca van estar nun coto redondo.

O mesmo sucedía cando os propietarios/as particulares fixeran as solicitudes de xeito individual. Coa cantidade de solicitudes que isto supoñía e as consecuentes demoras na revisión e instrución dos expedientes.

Despois de continuos cambios de postura no método a seguir para a tramitación das solicitudes, permitíronse que se puidesen agrupar ós propietarios/as dun mesmo concello nunha única solicitude, para asociacións, e tamén as distintas parcelas dun único solicitante particular. Nembargantes esta nova chegaba o 30 de abril, co que o prazo real para tramitar as solicitudes de axudas quedou reducido a escasos 15 días.

“Faba de Lourenzá”

A Indicación Xeográfica Protexida debe supor un apoio e non un atranco para o sector produtor

Os produtores e produtoras de faba de Lourenzá inician o cultivo desta leguminosa nunha campaña marcada pola publicación o 16 de febreiro no Diario Oficial da Unión Europea da solicitude de rexistro desta Indicación Xeográfica Protexida, abrindo unha “fase de oposición” de seis meses para a recepción de alegacións, tras a cal a Comisión Europea xa poderá aprobar mediante regulamento a inclusión deste feixón na lista de produtos protexidos.

A Consellería do Medio Rural aprobará no verán de 2008 unha protección transitoria que permita comercializar a faba co selo de Indicación Xeográfica Protexida dentro do Estado Español, publicando o regulamento para este cultivo así como a composición do Consello Regulador Provisional no Diario Oficial de 27 de agosto.

Dende o SLG valoramos positivamente as posibilidades de promoción da faba e de apertura de novas canles de comercialización que o selo da indicación xeográfica protexida pode traer a centos de familias dos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, A Pontenova,

Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, na Mariña de Lugo, que obteñen uns ingresos moi importantes no cultivo da chamada Faba Galaica.

Neste sentido, cómpre destacar a implicación de produtoras e produtores anotándose dende o primeiro momento no Consello Regulador para fortalecer a Indicación Xeográfica “Faba de Lourenzá”, malia a teren inicialmente outras canles de comercialización para as que este selo non supón un beneficio directo.

O SLG ten denunciado o feito de que a denominación se empregase durante anos como promesa electoral vencellada ao apoio a determinadas opcións partidarias, mais a esa crítica hai que engadir que o regulamento publicado o pasado 27 de agosto de 2008 se fixo con gran descoñecemento das características do cultivo e tamén que a designación dos membros do Consello Regulador Provisional non se realizou a través de ningún proceso que garanta a representatividade da parte produtora.

Neste sentido, representantes do Sindicato Labrego pedimos o texto do regulamento antes da

O regulamento publicado no agosto pasado fíxose con grande descoñecemento das características do cultivo

aprobación definitiva para que o seu cumprimento non representase problemas despois para os labregos e labregas, dicíndonos o persoal do Ingacal, que estaba a tramitar o rexistro das persoas inscritas na IXP que non nolo podían facilitar ata máis tarde, intervalo no que xa foi publicado no Diario Oficial de Galiza.

No regulamento recóllense unha serie de criterios que non teñen nada que ver coa realidade do cultivo da faba: considéranse como un produto de regadío cando é de secano, recollen que os meses de plantación son maio e xuño, cando en moitos lugares plántanse en abril, recollen o emprego obrigatorio de apeiros que non hai na zona, de produtos fitosanitarios que non existen e así un longo etcétera.

Nestes momentos, máis cá nunca, cómpre que o regulamento ou calquera outra medida se tome coa participación real do sector pro-

ductor, de xeito que se poda cumprir porque estean adaptadas á realidade.

Non é de recibo que se considere un incumprimento dos produtores ou das produtoras unha condición feita ao abeiro do descoñecemento do que é este cultivo, e que non se corresponde cunha esixencia xustificada con ningún criterio obxectivo; privando ou facendo difícil que os produtores e produtoras obteñan unhas rendas importantísimas para a economía da zona.

O Sindicato Labrego Galego, o único con locais abertos e presenza continuada na comarca e cunha representación maioritaria no proceso electoral a cámaras agrarias, reivindica asemade o cumprimento dos compromisos de representatividade e de funcionamento democrático recollido na Lei de Calidade Agroalimentaria, no que se basea o funcionamento dos Consellos Reguladores.

Máis de cen accións en todo o mundo o pasado 17 de abril **As mulleres, protagonistas no Día Internacional da loita labrega**



Charo Sánchez Parga, Secretaria de Medio Ambiente, Terra e Montes no SLG, canda Analía Moares, voceira da organización ecoloxista Amig@s da Terra, cargando un cadaiteiro en representación da morte da agricultura tradicional a mans das multinacionais. Acción reivindicativa levada a cabo en Zaragoza o 18 de abril.

Milleiros de mulleres participaron nas máis de 100 accións que tiveron lugar en diferentes partes do mundo con motivo do "Día Internacional da Loita Labrega", que se celebra cada 17 de abril.

Galiza, Estado Español, Francia, Bélxica, Suíza, EEUU, Camerún, India, Malí ou Mozambique son só algúns dos moitos lugares nos que se denunciou os impactos da industrialización da agricultura, os múltiples atentados contra os dereitos do campesiñado que as políticas neoliberais están a facer cada vez máis frecuentes, os efectos dos

organismos modificados xenéticamente ou o empobrecemento de moitos pobos que están a ocasionar os chamados Tratados de Libre Comercio (TLC's).

A conservación das sementes autóctonas, da agricultura tradicional e dos circuitos curtos de comercialización, mantidos preferentemente por mulleres, aparecen como claras alternativas ante o fracaso do actual modelo industrial.

En Zaragoza, nunha multitudinaria manifestación en contra dos produtos transxénicos, a Secretaria Xeral do SLG, C. Freire, deu lectura

ao manifesto no que se denunciaban os impactos dos alimentos manipulados xenéticamente para o ambiente, para a saúde e para a agricultura tradicional.

"As mulleres alimentan o mundo" foi o título dunha acción desenvolvida tamén nesta data para visibilizar o papel da muller rural polo sindicato EHNE en Bilbao.

En Costa Rica, varias representantes da Rede de Mulleres Rurais, co apoio da Fundación Friedrich Ebert e a Cátedra de Desenvolvemento Rural da Escola de

Ciencias Agrarias da Universidade Nacional debateron no 17 de abril cómo enfrontar como mulleres os desafíos do agro.

No Brasil, as camponesas mobilízanse para enfrontar a crise política, económica, social e ambiental, "creada polas elites que controlan o Estado: capital financeiro internacional e transnacionais". "Non aceptamos pagar a conta da crise, coa super-explotación do noso traballo, baixos salarios, aumento da xornada de traballo e co avance da explotación sobre os recursos natu-

rais", berran alto e claro.

Protagonistas das loitas, tal e como en Galiza temos ben acreditado nalgunhas históricas como as Encrobas ou as tratoradas do leite, e tamén protagonistas na produción de alimentos, segundo se recolle na declaración de Nyeleni, "as mulleres, creadoras históricas de coñecementos en agricultura e alimentación, que continúan producindo até o 80% dos alimentos nos países máis pobres e que actualmente son as principais gardiãs da biodiversidade e das sementes de cultivo".

Organizado pola revista de pensamento feminista ANDAINA

Acto de recoñecemento e apoio das mulleres nacionalistas galegas a Lída Senra

A revista ANDAINA celebrou o pasado sábado 28 de marzo unha charla-cea de agasalho sorpresa, recoñecemento e cariño a Lída Senra, anterior Secretaria Xeral e actual Secretaria de Organización do Sindicato Labrego Galego.

Mediante este acto quixose pór de relevancia os seus anos de loita polos dereitos das mulleres labregas, a defensa da terra e da soberanía alimentar, así como "polo seu liderato exemplar á fronte do Sindicato Labrego Galego (SLG) e como dirixente do mesmo e para amosar o apoio á continuidade do seu labor".

A cea desenvolveuse no centro social A Gentalha do Pichel en Compostela, e dela participaron máis de sesenta mulleres. Após a charla de Lída Senra encol da soberanía alimentar, degustouse unha cea con produtos cultivados e cociñados polas mulleres do proxecto AMORODO.

Nos postres, deuse lectura a un escrito compilando a traxectoria de Lída até o de agora, salientando a súa combatividade, resistencia, coherencia e proximidade.

Por último, procedeuse á proxección de un vídeo* feito para a ocasión, no que varias mulleres do País falan da súa relación con ela, como a coñeceran, e o que a súa figura significa para as mulleres da Galiza.

*Dispoñíbel no web de Andaina (<http://www.andainamulleres.org>), así como na páxina de Gzvideos, o colectivo que editou este material (<http://www.gzvideos.info>).



Foto de grupo tomada ao remate da cea no centro social A Gentalha do Pichel (Compostela).

17 de abril. Día Internacional da Loita Labrega

O 17 de Abril foi declarado pola Vía Campesina o “Día Internacional da Loita Labrega” dende o 1996, como homenaxe aos dezanove campesiños do Movemento Sem Terra asasinados pola policía brasileira nunha

mobilización para acceder ás terras. As organizacións de labregos e labregas, traballadores e traballadoras sen terra, de mulleres rurais e da mocidade rural, mobilizaronse en todo o mundo para conmemorar este día.

Este ano até 100 accións reivindicativas, tales como manifestacións, teatro na rúa, vídeo proxeccións, accións directas, conferencias, mostras de arte, mercados de alimentos locais, publicacións, intercambios..., foron organizadas en todo o mundo polo movemento labrego internacional La Vía Campesina, canda organizacións e colectivos amigos e aliados.

A 13ª edición do Día Internacional da Loita dos Labregos e Labregas levouse a cabo mentres o mundo enteiro está a ser sacudido por unha multicrise global que afecta á alimentación e á agricultura, ao medio ambiente, así como a toda a vida económica e financeira.

Mentres tanto, a resistencia dos pobos é cada vez maior en todas partes e o movemento pola soberanía alimentaria está a gañar recoñecemento nas escenas política e social.

No Brasil, as ocupacións de terras tiveron lugar en máis de 8 estados para esixir o asentamento de 100.000 familias do Movemento Sem Terra (MST) e para denunciar o aumento do desemprego causado pola agroindustria e a crise económica.

No Estado Español, varios grupos organizaron máis de 17 eventos, incluíndo unha serie de protestas en contra dos transxénicos (OXM's) que culminou cunha manifestación masiva en Zaragoza baixo a lema “Non queremos transxénicos” (ver pág. 14). Na Galiza, escenificouse a morte da agricultura a mans da agroindustria.

Recentes éxitos

Só nunhas poucas semanas, o movemento mundial vén de gañar importantes loitas. O 30 de marzo, as negociacións para o Acordo de Libre Comercio entre Centroamérica e a Unión Europea derrubouse despois de que Nicaragua abandoase a mesa de negociación baixo a presión dos movementos sociais, incluídos os que forman parte da Vía Campesina.

Este acordo pretendía levarnos a unha maior liberalización do comercio. Aos gobernos parece non importarlles que a crise actual estea a revelar os



O vídeo desta acción reivindicativa en Santiago de Compostela, realizado por Gzvideos, pódese atopar na páxina www.gzvideos.org e, canda as outras accións globais, no web www.wsftv.net.

perigos de deixar o mundo baixo a xestión das grandes multinacionais.

O 6 de abril Vía Campesina dirixiuse á Asemblea Xeral das Nacións Unidas en Nova Yorke sobre a crise alimentaria mundial e o dereito á alimentación.

Henry Saragih, coordinador xeral do movemento labrego internacional Vía Campesina, esixiu a adopción dunha Declaración dos Dereitos dos Campesiños polo organismo das Nacións Unidas.

O 14 de abril, o presidente boliviano Evo Morales, canda 2.000 simpatizantes, saíron con éxito dunha folga de fame esixindo que o Congreso votará a nova lei electoral que recoñeza a importancia das comunidades indíxenas no país.

E o mesmo día, o ministro alemán de Agricultura, Ilse Aigner, anunciou unha prohibición sobre o cultivo e a venda do millo modificado xeneticamente de Monsanto (MON 810) no país.

Membros de organizacións de todo o mundo levamos loitando durante décadas contra as sementes transxénicas, que só benefician ás empresas transnacionais e destrúen os modos de subsistencia dos labregos e labregas, das comunidades rurais, a saúde das persoas e do medio ambiente.

No Día Internacional da Loita Labrega, A Vía Campesina reafirma que a agricultura labrega ten que substituír á agricultura industrial orientada á exportación agrícola, co fin de garantir subministracións estables de alimentos, emprego digno para as labregas e labregos en todo o mundo, alimentos sans para todos e todas e a protección do medio ambiente.

“Estas recentes vitorias amosan que o vento está a virar e que chegou o momento de reorientar políticas alimentarias cara á produción local de alimentos e a agricultura sustentábel”, afirmou Henry Saragih.

As labregas e labregos da Galiza tamén actuamos no Día Internacional da Loita Labrega Enterro da Agricultura e acción contra as multinacionais da alimentación




Enterro da Agricultura en Compostela

Na Galiza, o Sindicato Labrego Galego, canda as organizacións integradas na Plataforma Galega Antitransxénicos e a Rede Anticapitalista -das que o SLG forma parte- levaron a cabo unha xornada reivindicativa en Santiago de Compostela.

Na céntrica Praza Roxa, ubicada nunha das zonas máis comerciais da cidade, escenificouse o enterro da agricultura tradicional a mans das multinacionais da alimentación, visualizando o consentimento dos gobernos neste ataque e o papel destrutor da industria da manipulación xenética (Monsanto, Pioneer, Syngenta, Novartis...)

A acción contou cunha procesión até un establecemento da multinacional Carrefour, diante do cal se procedeu ao reparto de información sobor do custo enerxético e contaminación ao que nos forza o actual modelo de produción, baseado no dumping social e económico, que implica o desprazamento dos alimentos dende milleiros de kms. até o seu lugar de consumo, intensificando gravemente o cambio climático.



Carrefour: Información nos liñais daqueles produtos que, malia a dárense na Galiza na súa tempada, atopamos todo o ano nas grandes superficies, provintes doutros países.

O proceso de alegacións adoeceu da falta de debate entre as organizacións O CRAEGA aproba o seu regulamento interno co voto na contra do SLG

O día 25 de Marzo tivo lugar o pleno do CRAEGA de cara a aprobación do regulamento interno do propio consello regulador. Resulta contradictorio que a nosa organización, que leva anos pelexando no seo do CRAEGA

para que haxa un regulamento fora a única organización que votou na contra do mesmo, presentando un voto particular. Procedemos a amosar a nosa disconformidade coa aprobación do Regulamento interno do CRAEGA,

dado que non se incorporaron ao texto propostas que dende o punto de vista do Sindicato Labrego Galego resultan claves para o desenvolvemento dun sector produtor ecolóxico consistente e con vocación de futuro.

Os aspectos do novo regulamento interno do CRAEGA cos que o Sindicato Labrego Galego non está dacordo estrutúranse nos seguintes puntos:

1. Etiquetado e identificación dos produtos.

Ao considerar que os produtos certificados como produción ecolóxica son produtos ligados á terra e aos métodos de produción ecolóxicos, entendemos que debemos permitir a diferenciación en canto a distintivos, e obrigar a que na etiqueta se faga referencia á procedencia das materias primas.

Neste sentido, a nosa proposta procura evitar a confusión e mellorar a información ao consumidor/a, ao mesmo tempo que potencia que a maior parte da materia prima se produza na Galiza:

1. Que o logotipo a empregar por tódalas/os inscritas/os no Consello de Agricultura Ecolóxica da Galiza (CRAEGA) e por todos os produtos certificados por este consello sexa o logotipo UE, reservándose o uso do

logotipo específico da Galiza para aqueles produtos nos que a súa materia prima principal proceda de da Galiza.

2. Que na etiqueta do produto se poña a comunidade autónoma ou o estado de procedencia da materia prima.

2. Custes de certificación.

O Sindicato Labrego Galego non acepta a regulación establecida polo (CRAEGA) a este respecto, por non contemplar a proposta de que os servizos de certificación sexan acordados con outros estándares implantados noutros países (JAS, NOB, BIO, Suisse...), e costeados integramente polas empresas que requiran destes servizos, sen que supoñan ningún custe adicional ao resto das inscritas e inscritos do CRAEGA.

3. Proposta da Comisión de Goberno

Consideramos que, malia que no artigo 15 do decreto 4/2007 se permite articular unha Comisión de Goberno no CRAEGA, entendemos

que debería eliminarse a proposta da súa creación, pois considerámola moi negativa, xa que non recolle a diversidade dos sectores e axentes representados no Pleno, ademais do paso atrás que significa, dada a experiencia histórica deste Consello Regulador, e que avalía o escurantismo metodolóxico característico de dito órgano.

O feito de non ter en conta no pleno do Consello Regulador a representación das entidades de consumidores/as, fai que unha peza clave para o desenvolvemento do sector e un axente implicado e representativo do mesmo, non poida participar e ter voz nun órgano que - pola contra- debería fomentar o consumo dos produtos ecolóxicos.

O SLG non avala o novo regulamento porque non protexe ao sector produtor

Procedemos a mostrar o noso desacordo coa inclusión dunha vogalía para comercializadores/as e importadores/as, o que xa demostra o rumbo errático do que se parte.

Dende o SLG consideramos que dita vogalía vai en contra do sector produtor e elaborador propio do país, promovendo a entrada de produtos de fóra na contra do desenvolvemento interno, sen obriga de que a súa actividade e razón social teña que estar en Galiza.

Non se tivo en conta por outra banda a creación dun rexistro de entidades de consumo, o que volve a demostrar a falla de intención de vertebrar un sector plural e democrático e a desidia de cara a vertebrar un consumo real e conscente no noso país.

En base o feito de non terse tomado en consideración as nomeadas propostas entre outras, a organización SLG-CCLL, non avala o Regulamento do CRAEGA.

Mercados da Transparencia no Día Internacional do comercio xusto Comercio xusto para labregas e labregos, no Norte e no Sur

O Sindicato Labrego Galego, canda organizacións sociais, ecoloxistas, de solidariedade e de consumidores e consumidores, úníronse para demandar un comercio xusto, no norte e no sur.

O sábado 9 de maio, co gallo da celebración do Día Internacional do Comercio Xusto, tiveron lugar actos reivindicativos e lúdicos en todo o País, tendo como demanda de fondo o dereito dos pobos á soberanía alimentaria.

Pra reivindicar un marco internacional e local de comercialización baseado no respecto ao sector produtor e ao medio ambiente, o Sindicato Labrego Galego, canda outras organizacións



Mercados da transparencia nas cidades de Ourense, Vigo, Pontevedra e Compostela o pasado sábado 9 de maio.

de carácter social, levaron a cabo "mercados transparentes" en Vigo, Pontevedra, Compostela, Ribadeo, A Coruña e Ourense.

Con estas actividades procurábase construír espazos de diálogo e coñecemento entre produtoras/es e con-

sumidoras/es. Afiliados e afiliadas do SLG que participaron nestes mercados amosaron o prezo de produción dos distintos produtos en orixe no "Norte", ao tempo que as organizacións de comercio xusto amosaron os prezos que se lle pagan as

organizacións produtoras no "Sur". Con esta comparación salientouse o feito de que o sector produtor da Galiza, malia a atoparse na parte rica do planeta, adoece igualmente das inxustizas e ataques das regras do actual comercio interna-

cional liberalizado.

Nos "mercados transparentes" ofrecéronse produtos de tempada e comercializados en proximidade, e fíxose fincapé perante das consumidoras/es das garantías de seguridade alimentaria que os nosos produtos aportan.

Subvencións para rehabilitación e renovación de vivendas no rural

Subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia (DOG 24 de Febreiro de 2009)

A Consellería de Vivenda e Solo convoca axudas para realizar actuacións de rehabilitación e renovación de vivendas no medio rural.

Para poder beneficiarse destas subvencións será necesario estar en posesión da resolución de conformidade coas actuacións propostas para a

obtención da cédula de rehabilitación de calidade, ou estar en posesión da cédula de rehabilitación de calidade.

A contía da subvención non superará o 50% do orzamento que figure na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, sen superar a cantidade de 24.000€.

Poderán presentarse solicitudes de axuda ata o 1 de setembro de 2009.

Axudas ao gasóleo agrícola

Devolución das cotas do Imposto sobre Hidrocarburos soportado polas agricultoras e agricultores, gandeiras e gandeiros polas adquisicións de Gasóleo.

Dende os locais do SLG poderase tramitar esta solicitude.

Será preciso achegar a seguinte documentación:

- Copia do D.N.I.
- Código correspondente ao medio empregado para a utilización do gasóleo como carburante.
- Matrícula dos vehículos que efectuaron o consumo do gasóleo.
- Tipo e número de fabricación da maquinaria.
- Facturas do consumo de gasóleo agrícola entre o 1 de outubro de 2007 ao 31 de decembro de 2008.
- Código de identificación do Minorista (CIM), do establecemento no que se efectuara a adquisición do gasóleo.
- Listado dos cheques – gasóleo bonificado, se foron empregados, xunto co Código de Identificación do Minorista do establecemento onde se efectuou a adquisición do carburante.
- Identificación da entidade financeira e do código de conta corrente (c.c.c.) na que deban efectuarse as transferencias das devolucións.

O prazo para solicitar a devolución das cotas do Imposto sobre Hidrocarburos permanecerá aberto ata o 30 de xuño de 2009.

Axudas a conservación do patrimonio etnográfico

Axudas destinadas a actividades de fomento para a conservación e a restauración de bens do patrimonio etnográfico de Galicia.

Poderán beneficiarse destas axudas as/os propietarias/os, posuidoras/es e demais titulares de dereitos reais de bens inmóbles do patrimonio etnográfico que forman parte do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, calquera que sexa a categoría de protección en que se inclúan (ben de interese cultural -BIC-, ou ben inventariado), tales como hórreos, cabazos, cabaceiras, piornos, celeiros, cruceiros, petos de ánimas, palleiras, alpendres, pallozas, muíños, fontes, lavadoiros, fornos, pombais e outros de carácter similar.

As axudas consistirán nunha subvención que se percibirá por unha soa vez por beneficiario e ben inmovible, pola contía máxima do 50% do custo de execución do proxecto. Cos seguintes importes máximos:

a) Ata 2.500 € ou 100 € × m2 computable no caso de obras de conservación e mantemento. b) Ata 5.000 € ou 200 € × m2 computable no caso de obras de restauración.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 13 de abril.

Axudas para remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción

Subvencións a fondo perdido para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción (DOG 3 de marzo de 2009)

A Consellería de Vivenda e Solo pon en marcha unha liña de axudas dirixida aos promotores de vivendas unifamiliares rurais con baixos ingresos para que

poidan rematar os exteriores das súas casas.

A subvención é o equivalente ao 30% do custo da obra realizada, cunha contía máxima de 6.000€

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 1 de xuño de 2009

Axudas para recuperación de zonas forestais afectadas polo temporal

Poderán beneficiarse destas axudas as/os titulares de aproveitamentos forestais situados nos Concellos afectados polo temporal, con máis de 0,5 hectáreas de superficie afectada polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

Dende os locais do SLG poderase tramitar a solicitude de axuda, para iso será preciso achegar a seguinte documentación:

- 1.Copia do CIF OU NIF do solicitante.
- 2.Documento xustificativo da Titularidade do aproveitamento madeireiro.
- 3.Identificación do número de rexistro de Proxecto de Ordenación ou Plan Técnico de Xestión e/ou copia do documento de certificación PEFC/FSC (de ser o caso)
- 4.Memoria sobre os danos causados na explotación forestal acompañada de plano ou boceto con cotas do SIXPAC.
- 5.Declaración sobre calquera outra subvención ou axuda para os mesmos fins para os que se solicita esta axuda.
- 6.Póliza de aseguramento ou declaración xurada de que os servizos para os cales solicita a axuda non están cubertos polo seguro correspondente.
- 7.Copia compulsada do documento de constitución da sociedade ou asociación (no caso de ser persoa xurídica)
- 8.Copia compulsada dos Estatutos (non caso de ser persoa xurídica).
- 9.Certificado expedido polo órgano xestor en que conste o acordo de solicitar a axuda e a entidade da persoa autorizada para solicitala.

Ao abeiro desta Orde tamén se poderán solicitar polos danos sufridos en infraestruturas, como cerramentos, construcións, etc. .

O prazo para presentar a solicitude de axuda remata o 15 de maio.

Axudas para a renovación do parque de maquinaria agrícola

A CMR ven de publicar no DOG as axudas para a renovación do parque de maquinaria agrícola. Mediante estas axudas poderán adquirirse novos tractores e máquinas arrastradas como: sementadoras directas, cisternas de xurros e esperexedores de fertilizantes sólidos, fertilizadoras e equipamentos de produtos fitosanitarios.

A contía base das axudas establécese en 80€ por CV, esta contía poderá incrementarse en función das circunstancias da beneficiaria ou do beneficiario.

A axuda máxima por beneficiario e convocatoria do ano non poderá superar 12.000 euros no caso de adquisición de tractores novos, 30.000 euros cando se trate de máquinas automotrices de recolección e o 30 por cento do investimento no resto de máquinas automotrices e no caso de máquinas arrastradas.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 6 de xullo de 2009

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Vacas e novillas de carne
TLF: 981 788 221

Circuito de 6 puntos con pulsadores electrónicos Rotativa de 1,70 de 2 tambores.
TLF: 696 642 722

Bolos de herba seca e de silo zona de arzáa
TLF : 620 062 581

Véndese explotación e vivenda. (As Pontes)
TLF: 981 459 568

Vacas de raza caldelá.
TLF: 679 962 507

Vaca pasiega, media idade, preñada.
TLF: 982 179 444

Tractor marca PASCUALI 995, DE 30 CV., con remolque de tracción.
TLF:982 169 267 (Juan).

Tractor barreiros de 52 cv en moi bo estado e a moi bo prezo.
TLF: 982 183 019

Cisterna CISCÁ, de 2000 litros. Remexedor de purín.
TLF:982 137 615 (José)

Por cese de actividade véndese tractor JOHN-DEERE 6310 e autocargador GALAGRI en bo estado.
TLF: 982 16 06 5 647 17 28 07

Mitsubishi Pajero 2500 ano 1994
Seat Panda
Roto Alpacadora Gallinana.
Contacto Martín
TLF. 609.31.14.16 ou 988.30.46.21

Tanque de frío ALFA LAVAL de 250 litros ,
TLF: 986548219 ou 619900871

Sá de ordeño de seis puntos. **TLF: 648187857**

Rabaño de ovellas e cabras.
TLF: 982 178 988

A partir das 21,00

Arado KUHN modelo 465 de importacióncon reseta variable e punteiras precio 2000€ (Severino)
TLF: 630 84 86 43

Circuito de ordeño WEST-FALIA, bomba de 400, con 4 puntos de ordeño, 2 hileras, 30 plazas e lavado automático. Prezo a convir
TLF: 630 84 86 43 (Severino)

Véndese rotativa marca KHUN de cinco discos.
TLF.: 696 004 515

Véndense becerros cebados de mais de 140 kilos criados na Serra do Suído (O Covelo - Pontevedra)
TLF: 986-668820; 626-442294 ou 699-833797

Invernadero BITUMEL de 700 metros cadrados.
TLF: 679970504

Desensiladora marca MULLOSA moi bo prezo
TLF: 982 157 245 / 636 86 30 82

30 rolos de herba seca. O Corgo, Lugo.
TLF: 982 176 748

Motor marca deutz 4 cilindros con bomba rovari enrollador hidrotec de 300 metros 250 tubos de 4" (A Limia)
TLF: 660 83 88 43 e 639 72 53 37

Camada de cachorros de Pastor Belga, negros. A nai filla de campeón do estado (Zar).
TLF: 982.164051 / 660.442.783

Vacas frisonas.
TLF: 982.332065

4 llantas de marca Mon de coche de 5 buracos remolque de tractor preparado para fardos de herba Coche Audi 80.
Preguntar por Ovidio.
TLF: 686596260

Rolos de herba seca de boa calidade en Vilachá de mera(lugo). Chamar polas tardes. 18 €/unidade.
TLF.- 666 826 910

Segadora rotativa de dous platosde 1,85 de corte marca AUSAMA, 3 campañas estado impecable
TLF: 620.571.533

3 parcelas en Cabaleiros-Tordoia,
TLF: 696 98 92 02

Rolos de herba seca (Cospeito)
TLF : 982/50-57-55

4 becerras LIMUSIN fillas de nai con carta xenealóxica
TLF.- 982 20 77 33 / 685 88 42 57

Por abandono véndense vacas de leite e xovencas, rolos de silo, silo de pienso de 8,000kg dividido, circuito de catro puntos, tanque de frío 1100l., autocargador en bo estado. Zona de Monfero
TLF: 659 213 085

FORD TRANSIT CONECT 1.8 TDCI ANO 2003 (8000 € transferido)
Chamar de 5 a 10 horas.
TLF: 639 006 214

Máquina de coser industrial económica e en bo estado, preguntar por: maría
TLF: 986656269

Véndese touro Frisón de 15 meses.
TLF: 679-38-29-90 (Suso)

Cabras e ovellas para explotación no Courel.
TLF: 617211528 / 648147520 (Pilar)

Silo de pienso con capacidade de arredor de 6000 Kg.
TLF: 986 58 40 70

COMPRAS

Sementadora de patacas.
Telf: 981 66 92 50

Búscase traballador/a para explotación agraria. Zona entre Alto Xestoso e Xermade.
TLF: 627 950 681.

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Ofrécese peon para traballos agrarios e forestais. Fanse traballos de plantacións, podas, desbroces de fincas e montes.
TLF.: 686 753 105.

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 629 973 867

Ofrécese chófer para maquinaria agrícola.
TFNO: 629651172

Ofrécese peón para explotación agraria ou gandeira. Preguntar por: Juan
TLF: 620162893

OUTROS

Arréndase cota láctea, 30.000 kg, zona Monfero
TLF: 981 196 832

Fanse todo tipo de traballos agrarios: desbroces de montes, carreteras, plantacións, podas.
TLF:629 870 302 (Alberto)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico prensa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

26 de maio

TRACTORADA

Para defender **PREZO**
para o noso futuro



sindicato
labrego galego
comisións labregas